



Resolución nº 0102HI021111 de 2 de novembro de 2011 da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia relativa á autorización administrativa para a realización do curso de adestrador de Nivel II de Equitación solicitado pola Federación Galega de Hípica.

Polo Real Decreto 1913/1997 do 19 de decembro do Ministerio de Educación e Cultura, BOE nº 20 de 23 de xaneiro de 1998, configúranse como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención das titulacións de técnicos deportivos, apróbanse as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas, e regúlanse as formacións.

Polo Real Decreto 1363/2007 do 24 outubro 2007 do Ministerio de Educación e Cultura, BOE nº 268 de 8 de novembro de 2007, se establece unha nova ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial. Non obstante, polas disposicións transitorias segunda e terceira mantéñense a vixencia das ensinanzas deportivas e as súas normas de desenvolvemento establecidas o amparo do Real Decreto 1913/1997 do 19 de decembro. Coa Orde EDU/3186/2010 do 7 de decembro novamente regúlanse os requisitos xerais aos que se refire a disposición transitoria primeira do antedito Real Decreto 1363/2007 e no artigo 3 punto c) establécese que as federacións deportivas autonómicas que estiveran integradas nunha federación deportiva española nas modalidades e, no seu caso, especialidades deportivas que lles sexan propias, e dentro todo elo do correspondente marco estatutario, tamén poderán promover estas formacións deportivas.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva na materia do deporte no artigo 27.22 do seu Estatuto de Autonomía, e a Lei 11/1997 de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, establece no Título VI artigo 63 que: "...Será competencia da Administración Autonómica de Galicia a regulación, dentro do ámbito desta Lei, das titulacións de ámbito deportivo de Galicia, ..." e, no artigo 64, establece que: "As asociacións deportivas e os demais organismos referidos neste título, colaborarán coa administración autonómica na formación e cualificación de xuíces, árbitros, técnicos e adestradores de cada unha das súas respectivas modalidades deportivas, realizando ao efecto, os cursos de formación e capacitación necesarios".

Dado que a Federación Galega de Hípica reúne os requisitos expostos, e solicitou, por escrito de data 26 de outubro de 2011, a autorización administrativa para a realización do curso conducente á obtención da titulación de Adestrador de Equitación de Nivel II, reunindo as condicións e os requisitos xerais das formacións, no senso de que programan a carga lectiva horaria necesaria para o axeitado desenvolvemento dos contidos dos bloques Específico e de Prácticas mailo profesorado tamén reúne as titulacións necesarias; ante todo o exposto,

RESOLVO

Proceder a autorizar administrativamente a titulación a impartir pola Federación Galega de Hípica, que afecta aos alumnos matriculados no curso de Adestrador de Equitación de Nivel II, a desenvolver dende o día 10 de novembro do 2011 na localidade de A Coruña.

Contra esta Resolución poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, ou ben cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente de xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En Santiago de Compostela a 2 de novembro de 2011

O Secretario Xeral para o Deporte



José Ramón Lete Lasa